

Prosa cotiá

As marxes de Carlos Casares



MARGA ROMERO

A Editorial Galaxia continúa coa publicación dentro da colección que leva o seu nome da obra xornalística do que fora o seu director, o escritor Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002); os novos volumes III e IV correspóndense cos artigos publicados durante os anos 1994 e 1995 respectivamente. Desde 1992, escribía Carlos Casares en *La Voz de Galicia* unha columna que se habería de converter nun espazo propio e diario baixo o título de *Á Marxe*. Ás columnas de Carlos Casares dirixíanse a moitos lectores e lectoras atrapados polo dominio do relato do bo contador de historias que non deixaba de lado as técnicas do relato oral. Agora a editorial acerta coa publicación destas columnas, perfectamente datadas, por unha banda, -reúnen todos estes artigos, o que facilitará o estudo do autor- e, por outra parte, redescóbrennos ao Carlos Casares cultivador do xénero xornalístico e nalgunhas ocasións ao escritor que se mergulla nun xénero narrativo menor que continuaría o maxisterio das “Cousas” de Castelao en fermosas estampas como “Un home e unha muller” ou “Un velliño que coñecía a verdade” ou “Un can pequeno”, relatos nos que o autor entronca coa mellor tradición literaria e desde os

que nos asombra neses remates. Sempre é un pracer detérmolos en pequenos textos que nos devolven os días do pasado máis inmediato, neste caso o ano 1995, que nos levan a pensar, por exemplo, onde andabamos nós o día que Carlos Casares visitaba o cemiterio de Montparnasse e lle facía unha homenaxe a Alfred Dreyfus, ou o día no que no “aproveitando o descanso” abandonaba a feira do libro de Bolonia, e en Rimini toma un café no Gran Hotel, onde se filmou *Amarcord*. Casares escribe desde os lugares que vai visitando e ofrécenos imaxes inéditas, outras ábrenos o seu lugar máis íntimo para falarnos de “Unha caixiña de color verde”, un regalo que lle fixo alguén que o quere ben. Particularmente gústame ler a obra xornalística reunida, penso nos artigos de Rafael Dieste de *Entre a terra e o ceo*, nos asinados co nome de Adosinda Areses, nos *Anacos* de Borobó ou nos de Luísa Villalta, Libro das columnas, libros que nos mostran a conciencia da escrita, a sociedade que se habita e a construción dun proxecto. *Á Marxe* de Carlos Casares contén unha grande dose de humor e ironía, esa que ás veces non acertamos a ver no día a día, e que el converte en especial pola maxia do oficio, amante da literatura oral e dos libros, eses tan fermosos que nos obrigan a que os roubemos nas feiras do libro.

